

REGULAMENTO CONTROL 5000m para INFANTÍS 19/02/2017

ORGANIZACIÓN

A organización técnica e execución da competición **AMIGABLE** correspóndelle á Comisión Técnica da F.G.P.

PATROCINIO

O patrocinio correspóndelle á Federación Galega de piragüismo.

LUGAR, DATA E HORA

Data	Competición	Grupo	Lugar	Hora saída
19/02/2017	CONTROL DE 5000m para INFANTÍS A e B	Amigable	Verducido	10:00

EQUIPO ARBITRAL E COMITÉ DE COMPETICION

O Equipo arbitral e o Comité de Competición, serán os /as que designe a Comisión Técnica.

PARTICIPACIÓN

Será para todos os deportistas de clubs galegos, que estean en posesión da **licenza federativa actualizada para a tempada 2017**.

INSCRICIÓN

Cada club poderá inscribir o número de deportistas que desexe, por modalidades e categorías, sempre e cando estean mutualizados no 2017.

As inscricións formalizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Piragüismo.

A **data límite para inscricións será o mércores día 15 de febreiro**.

CONFIRMACIONES DAS INSCRICIÓN

A confirmación realizarase o día da competición entre as 9:00 e as 9:30 da mañá na oficina da FEGAPI .

Celebrarase unha reunión de delegados as 9:30 para explicar percorridos e pormenores da proba.

SANCIÓN POR BAIXA

Ao ser unha proba de carácter amigable non se aplicará a normativa de altas e baixas.



FEDERACIÓN GALEGA
DE PIRAGÜISMO

CATEGORÍAS E EMBARCACIÓNS

MODALIDADE	SEXO	CATEGORÍAS
K-1 e C-1	Homes e mulleres	INFANTÍS "A" e "B"

Lémbrese que as embarcacións participantes deben cumprir as condicións recollidas nos regulamentos referidas a flotabilidade (cortiza de 3 cm. de grosor, 17 cm. de alto e 60 cm. de longo), peso e medidas.

CLASIFICACIÓN

Ao ser unha proba de carácter amigable, só realizarase a clasificación por categorías e modalidades.

A clasificación definitiva será publicada na web da FEGAPI

HORARIO DE SAIDAS, DISTANCIAS E DISTRIBUCIÓN DO PERCORRIDO

Saída.

A saída realizarase a partir das **10:00 h**, da forma seguinte:

10:00 Canoa home, infantil "A" e "B"

10:03 Canoa muller

10:40 Kaiak muller, infantil "B"

11:20 Kaiak home, infantil "B"

12:00 Kaiak muller, infantil "A"

12:40 Kaiak home, infantil "A"

Distancias.

Para Kaiak home e muller:

A distancia total da proba será de **5 km** nun percorrido de **unha volta sobre 1000 m e duas voltas** sobre 750 m.

Para Canoa muller e canoa home:

A distancia total da proba será de **3,5 km** nun percorrido de **unha volta sobre 1000 m e unha volta** sobre 750 m.

INFORMACIÓN ADICIONAL DA PROBA

- As ciabogas serán no sentido contrario das agullas do reloxo.

REGULAMENTACIÓN

A competición rexerese polo seu propio regulamento.

TROFEOS E MEDALLAS

Non haberá trofeos nin medallas.



FEDERACIÓN GALEGA
DE PIRAGÜISMO

RECLAMACIÓN

Toda reclamación sobre o desenvolvemento desta proba amigable, será presentada ao comité organizador tras finalizar a competición.

OUTRAS NORMAS

A Federación e os organizadores non se farán responsables dos danos que se poideran causar ás embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transcurso da competición como no transporte á mesma.

Lémbrese a obrigaón de usar sistemas de flotabilidade para todas as embarcacións. **A falta destas prohibirá o acceso á auga.**

E OBRIGATORIO O USO DO CHALECO SALVAVIDAS PARA TODOS OS DEPORTISTAS.

INFORMACIÓN

Para mais información desta proba, poderán dirixirse á Federación Galega de Piragüismo (C/ Gavian s/n Verducido, 36151 Pontevedra), Tfnos de contacto : 986842106 , fax 986851108, e-mail : kayak-canoa@fegapi.org e na páxina web www.fegapi.org

Pontevedra, 3 de febreiro de 2017

Vº Bº
PRESIDENTE

O SECRETARIO